

[Autopoética sen título]

Paulino Vázquez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VÁZQUEZ, PAULINO (2011 [1985]). “[Autopoética sen título]”. En *Seixo de desfacer entre os dedos*. Barcelona: Sotelo Blanco. Colección Leliadoura. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1832>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VÁZQUEZ, PAULINO (1985). “[Autopoética sen título]”. En *Seixo de desfacer entre os dedos*. Barcelona: Sotelo Blanco. Colección Leliadoura.

* Edición dispoñíbel desde o 16 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Poño en cuestión que o feito estético sexa aínda un suceso persoal nun tempo onde a búsqueda material da que depende é (P. Boulez) necesariamente colectiva. Con imaxes descompostas e voces alleas e queridas (Dante, Arnaut Daniel, Eliot) un sorpréndese meditando acerca da vella condición humana para construír o propio universo da palabra que se dice a si mesma e orixina o seu discurso, a coidadosa e lenta articulación —como seixo que se desfai nas palmas das mans— do que pode ser mostrado. A linguaxe non expresa o que se expresa con a linguaxe. A morte non é un acontecemento da vida. Queda preguntarnos que é necesario dicir, cal é a natureza do que vivemos, a causa do discurso que se estende —como agora— para fuxir da desolación e o vacío. Talvez non hai sentido. Con certeza existe o que se amosa a si mesmo, o místico (Wittgenstein). Prefiro o misterio ao absurdo, sabendo que estamos vacilantes, como o príncipe Hamlet, nadando entre dúas vidas. Que a palabra sexa verdadeira aínda que non poida tocar a nosa Soidade á que rindo homaxe. A liña do tempo afástanos dos lugares onde amamos e non nos queda máis que a linguaxe para non dar paso ao olvido. Esta é a aflición. O regreso é posible através da palabra, o signo de desvío que non quer asumir a separación que o tempo depara. Con estes despoños e outras ruínas compuxen os poemas para non apodrecer. Perderme en xogos estériles entre o que significa a arte e a morte. Ao final só quedan uns ollos que se recordan. *Ara vos prec per aquella valor...*

PAULINO VÁZQUEZ